



Concello de Vigo
Expte. 3826/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 8/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 9 DE MAIO DE 2023

ORDE DO DÍA

UNICO- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO FINANCIADA CO RECURSO FINANCEIRO RLTTG/2022. EXPTE. 9705/335 (EXPTE. PLENO 3806/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana María
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:



Pardo Espiñeira Francisco Javier, concelleiro grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día nove de maio do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO.(79). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO FINANCIADA CO RECURSO FINANCEIRO RLTTG/2022. EXPTE. 9705/335 (EXPTE. PLENO 3806/1101).

ANTECEDENTES: Con data 28 de novembro do 2023, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite a seguinte proposta,

“Antecedentes

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente coa memoria incluída.

Xustificación da modificación, pola responsable do servizo de Educación.

Empregos que xustifican a tramitación do expediente e a contía da modificación e a inaprazabilidade do gasto.

Xustificación

O Orzamento de gastos ten un carácter limitativo e vinculante, tendo estes a condición de máximos en canto ás obrigas que como máximo se poden recoñecer durante o ano, polo que as insuficiencias que se producen nun programa orzamentario deben e teñen que se atendidas con créditos que non son executados en outras áreas ou programas de gasto ou con outro recurso financeiro, como é o RLTTX, ou se fose o caso, a concertación dunha operación de débeda, que ao teor dos empregos previstos, en aplicación do previsto no artigo 177 do TRLRFL, non sería legalmente posible, dada a condición da amortización da operación de préstamo no mandato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 2 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo fai constar o Servizo de Festas, a insuficiencia de recursos queda acreditada, tendo en conta a dotación orzamentaria e as necesidades a satisfacer co programa de festas aprobado.

Así mesmo, a xustificación da inaprazabilidade, parece clara, ao tratarse do programa de festas aprobado para o ano 2023, que non é demorable ao ano 2024.

Xustificación da inexistencia de recursos para a finalidade prevista.

Segundo se fai constar no expediente xustificativo da súa tramitación, con data do 14/03/2023, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas aprobou o programa de Festas de Verán, (expte. nº 9684). Neste programa o importe das contratacións artísticas dos programas de Concertos de Castrelos e da Semana da música Jazz e Clásica na Praza de Compostela ascende a 1.959.754,72 euros, Importe superior ao planificado como Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2023", por importe de 700.000,00 euros. Os concertos e espectáculos de Castrelos é un dos eventos socioculturais máis importantes do Concello de Vigo no verán. Os custes nas actuacións artísticas e producións técnicas ten sufrido unha alza considerable neste ano motivada pola alza de prezos. A situación de inestabilidade económica e social ten consecuencias directas nos custes das materias primas e na enerxía xa que están aumentando considerablemente o seu custe por mor da alza dos prezos. Paralelamente, se está producindo unha suba sostida de tipos de interese, así como importantes modificacións en materia laboral que tamén inciden sobre o custe dos servizos. Debe terse en conta ademais, a hiperinflación do sector resultante da proliferación de festivais en toda a península trala crise da pandemia xerada pola COVID-19.

A dotación asignada no vixente orzamento na aplicación 3380.2260906, Festas de Vigo, resulta insuficiente polo anteriormente exposto, toda vez que está previsto un aumento no gasto de contratación para o Programa de Festas de Verán.

O gasto que está previsto para as contratacións artísticas, resulta inaprazable ou demorable a outro ano, toda vez que concirne ao programa de Festas de Verán do ano 2023 que necesariamente ten que executarse no vixente ano.

Para este concepto, requírese un suplemento de crédito de 1.300.000,00 euros na aplicación 3380.2260906 Festas de Vigo.

Así mesmo, o Concello de Vigo está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, e por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.4700001 (Convenio Marisquiño), prevé a concesión dunha subvención para a organización do festival "O Marisquiño". Esta aplicación está dotada con 420.000 euros.

Nesta edición do festival vanse trasladar novas probas deportivas ao entorno da praia de Samil, toda vez que a Autoridade Portuaria non deu resposta en prazo á petición de utilización dos espazos onde se viñan implantando realizada pola organización do evento. O traslado destas probas supón a necesidade de realizar estudos de viabilidade, modificación nas infraestruturas, das instalacións e nos medios de seguridade do evento que non estaba prevista inicialmente,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 3 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

augmentando os gastos do mesmo nunha cantidade que se estima en 540.000,00 euros.

Este gasto está previsto para o desenvolvemento de O Marisquiño 2023, polo que resulta inaprazable ou demorable a outro ano toda vez que necesariamente ten que executarse no vixente ano.

Este evento, xuntamente coas festas de Vigo, están a resultar un gran atractivo para a cidade, o cal, tamén está a repercutir na economía interna, xerando unha gran afluencia de visitantes, pero ademais, tamén xera unha proxección da cidade, que está a consolidar unha marca con gran fortaleza e con grandes resultados.

Para este concepto, requírese un suplemento de 540.000,00 euros na aplicación 3380.4700001 Convenio Marisquiño.

O gasto previsto na aplicación 3380.4700001, está desagregado na memoria do Servizo de Festas.

Isto é que xustifica a tramitación de este expediente de modificación orzamentaria asinado o 27/03/2023 polo Sr. Concelleiro Delegado de Festas coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, previa proposta da Sra. Xefa do Servizo de Festas.

En resumo, queda acreditado que as necesidades que reflicte o expediente 9705/335, son inaprazables, estando xustificada de forma detallada e específica para cada aplicación, e non teñen dotación orzamentaria ou esta é insuficiente para facer fronte as mesmas.

Normativa de aplicación

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 4 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 e texto consolidado do 20/09/2020 sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordos adoptados sobre a suspensión dos obxectivos das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020-2023 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

En todo caso, as EE.LL, deben ter como obxectivo, liquidar os Orzamentos do ano 2023 nunha senda de superávit equivalente ao 0,1% do PIB, aínda que, este non é vinculante, sendo este un obxectivo de referencia.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (40/2023), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo do Servizo de Festas dá necesidade técnica e económica de suplementar as aplicacións orzamentarias:

3380.2260906 Festas de Vigo, con 1.300.000,00 euros.

3380.4700001 Convenio Marisquiño, con 540.000,00 euros.

Resolución da Alcaldía Presidencia de 29/03/2023, de inicio do expediente.

Este gasto non é recorrente, polo tanto, non consolida para os vindeiros anos.

O recurso financeiro para afrontar o emprego que conforma o RLTX da Liquidación do ano 2022, é adecuado, tendo dispoñibilidade para o financiamento dos empregos que conforma este expediente.

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, estando suspendidas no marco temporal 2020-2023, o resultado da Liquidación do Orzamento do ano 2023, non requirirá, calquera que sexa a contía do superávit/déficit e da evolución do gasto non financeiro, a tramitación e aprobación dun Plan Económico Financeiro.

Non obstante, é un obxectivo manterse dentro das taxas de referencia aprobadas polo Goberno da Nación, no que se fixa para as Entidades Locais un obxectivo de superávit do 0,1% do PIB, que non é vinculante.

En relación coa Liquidación prevista, é bastante probable que que a mesma peche con déficit.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 5 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2023 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

A Base 8ª das de Execución do Orzamento para o ano 2023, regula a tramitación destes expedientes.

Serán incoados por orde da Alcaldía, e deberá especificarse na memoria correspondente todos aqueles datos que xustifiquen a necesidade e a urxencia da modificación orzamentaria, en especial, conterán as razóns que fundamenten os seguintes extremos:

- i) carácter do gasto a realizar,
- ii) imposibilidade da súa demora,
- iii) motivo,
- iv) acordo ou disposición que fai necesaria a modificación,
- v) incidencia se fose o caso da modificación no orzamento e a que poidan ter nos exercicios futuros, esta incidencia tamén será avaliada no caso de ser o recurso que financia a modificación orzamentaria o Remanente Líquido de Tesourería dispoñible.

Do contido do expediente, está acreditado o carácter do gasto a realizar, a imposibilidade da súa demora, o motivo da tramitación, a Resolución que xustifica a modificación, e por último, sendo un gasto non recorrente, non terá impacto en exercicios futuros. Tamén se acredita que recurso financeiro que financia o devandito suplemento está dispoñible.

En resumo, dáse cumprimento ao previsto no artigo 177 do TRLRFL e o contido na Base 8ª das de Execución do Orzamento.

Recursos financeiros

De acordo a previsto no artigo 104 do RD 500/1990, o remanente de Tesourería positivo constitúe un recurso para o financiamento de modificacións de créditos do orzamento.

O artigo 177.4, establece que o expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón, establecendo que dito aumento poderá financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible.

A liquidación do Orzamento do ano 2022, ten a seguinte situación en relación co Remanente Líquido de Tesourería:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 6 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2022	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		148.178.900,48
Modificación incorporación de remanentes, expediente 245/143	90.292.128,35	
Modificación de crédito, Suplemento Festas , en trámite	1.840.000,00	
Total remanente utilizado (B)	92.132.128,35	
Remanente dispoñible (A-B)		56.046.772,13

A proposta e a Resolución, propoñen o financiamento do Gasto do expediente 9705/335 con cargo ao recurso financeiro que conforma o RLTX.

O RLTX dispoñible da Liquidación do Orzamento do ano 2022 , é suficiente e a súa vez dispoñible para a finalidade proposta.

Tramitación e aprobación do expediente

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 13 de abril de 2023, aprobou a Modificación Orzamentaria, Suplemento de Crédito nº 40/2023, correspondente ao expediente 9705/335

En aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, o 19 de abril de 2023 fíxose o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas á Modificación orzamentaria nº 40/2023, expediente 9705/335. O prazo fixado comezou o día 20/04/2023 e rematou ás 13 horas do día 27/04/2023.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno con data 14/04/2023, así mesmo, coa mesma data, liña 42 do expediente, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición dos Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos da documentación que conforma o expediente 9705/335.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Comisión Informativa do que queda constancia no expediente coa data 27/04/2023, rexistradas na data e co número que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

Emendas presentadas

EMENDA PRESENTADA POLO MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO.

En data 27/04/2023, o Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou unha emenda parcial complementaria, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3822/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 7 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO.

En data 27/04/2023, a Sra. Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3821/1101, presentan emenda parcial.

Emendas presentadas

O informe que se achega ao expediente sobre a avaliación das emendas, pon de manifesto un desborde en relación coas limitacións que fixa o artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno ou incumprimentos propios do TRLRFL:

a) A emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, propón empregos por unha contía superior á modificación aprobada pola Xunta de Goberno na sesión do 13/04/2023. Neste caso, a emenda está a incrementar a contía do gasto proposto en 5.345.000,00 euros, en consecuencia, sen amparo no Regulamento Orgánico do Pleno e superando a contía do informado e do aprobado.

b) A emenda presentada pola Sra. Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, propón empregos por unha contía superior á modificación aprobada pola Xunta de Goberno na sesión do 13/04/2023. Neste caso, a emenda está a incrementar a contía do gasto proposto en 300.000,00 euros, en consecuencia, sen amparo no Regulamento Orgánico do Pleno e superando a contía do informado e do aprobado. En ambos casos:

1.-) As emendas propoñen empregos que non queda acreditado o cumprimento do previsto no artigo 177 do TRLRFL, empregos que non se poidan demorar até o exercicio seguinte, é dicir, a súa inaprazabilidade.

2.-) As emendas propoñen unha aplicación máis intensiva do recurso que conforma o RLTX, de tal xeito que deben ser consideradas de oportunidade política.

A vista da documentación relacionada e do informe de avaliación das emendas, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, formúlase proposta ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, para adopción do seguinte acordo:

A) PROPOSTA DE REXEITAMENTO DAS EMENDAS

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda parcial do Sr. Concelleiro, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3822/1101, ao non respectar os límites previstos no artigo 83.2 do ROP.

A emenda engloba un grupo de empregos adicionais que desborda a contía aprobada en 5.345.000,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 8 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A emenda non da cumprimento ao previsto no artigo 177 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda parcial presentada pola Sra. Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 3821/1101, ao non respectar os límites previstos no artigo 83.2 do ROP.

A emenda engloba un grupo de empregos adicionais que desborda a contía aprobada en 300.000,00 euros.

A emenda non da cumprimento ao previsto no artigo 177 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Manter a proposta formulada ao Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 31/03/2023 que se engade, non habendo alteración algunha en relación coa aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 13 de abril de 2023.

CUARTO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral o 11/04/2023, non require sometelo a novo informe, sendo o único requisito, o ditame da Comisión Informativa.

QUINTO.- Unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Informativa a seguinte proposta:

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión extraordinaria do 4.05.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Con un voto a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 9 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 40/2023, Suplemento de crédito correspondente ao expediente 9705/335 por unha contía de 1.840.000,00 euros, para facer fronte ao programa de festas de verán e ao Marisquiño, para o que non existe crédito suficiente no orzamento do ano 2023, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada na memoria tanto a inaprazabilidade dos empregos como a insuficiencia de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2022, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito.

A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 40/2023.

Concepto	Recursos		Programa	Partida	Empregos		Total
	Partida	Importe			Cre. Inicial	Suplemento	
RLTGX	87000	1.840.000,00	3380	2260906	2.500.000,00	1.300.000,00	3.800.000,00
			3380	4700001	420.000,00	540.000,00	960.000,00
Total		1.840.000,00				1.840.000,00	

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 10 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 9705/335.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, o Servizo xestor poderá iniciar a tramitación do expediente administrativo de aplicación dos recursos.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

ACTA DE REUNION

Generada el Martes, 9 de Mayo de 2023 10:37:42

=====

Asunto : Pleno da Aprobación inicial da modificación de crédito
 Legislatura: Mandato 2019-2023
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Martes, 9 de Mayo de 2023 09:11:27
 Fecha Fin : Martes, 9 de Mayo de 2023 09:32:45
 Duración : 00:21:18

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3310

- Media (MASTER)

 [1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 286 MiB

SHA512 -
 37a6fcf7ca5d550acf1c84a878285936bdef45cf043647ce289ac1c4fd888d5a41feb6f
 2be1707fdb4e9f2a580c9f9d137849ea3d9cf3c15cf76d1f7264d1d8e

- Media (PROXYS)

 [1] Video H264, 480p, Stereo, 132 MiB

SHA512 -
 90d48fa4a4cddade423a3711fea63d0cb798867f80166b412203634ec52ce63627d39d2
 bf8c3940667adaec55885b83bc2fa885090e7deb7ef1933b2ca6c1fb9

- Minutaje

 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario;
 Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos;
 Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros
 Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka;
 Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 11 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:26 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:44 : - Aprobación inicial da modificación de credito financiada co recurso financeiro RLTGG/2022. EXPTE. 9705/335 (EXPTE. PLENO 3806/1101).

00:01:09 - Aneiros Pereira, Jaime

00:06:09 - Caballero Álvarez, Abel

00:06:12 - Pérez Iglesias, Xabier

00:08:20 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:23 - Pérez Correa, Rubén

00:13:38 - Caballero Álvarez, Abel

00:13:41 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:16:40 - Caballero Álvarez, Abel

00:16:47 - Aneiros Pereira, Jaime

00:19:56 - Caballero Álvarez, Abel

00:20:15 - Votación: Voto particular concelleiro non adscrito

00:20:44 - Votación [9:31:34]

00:21:18 : [FIN]

-- O --

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 8/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:05	Páxina 12 de 12
3838-1101	CSV: A5A227-C85649-3936A8-7FUCJK-UWC2HU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		